



## BANDO

XOSE MANUEL RODRIGUEZ MENDEZ,  
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS NEVES,

### FAI SABER:

Que na parroquia de Rubiós foron apresados 8 équidos – 6 femias e 2 poldros- e que se atopan retidos nunha cuadra do lugar de Bouza do Rato, s/n, da referida parroquia.

O que se fai público para xeral coñecemento, aos efectos do establecido no artigo 27 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galicia.

Os équidos capturados, non identificados e non reclamados, consideraranse mostrencos a todos os efectos, podendo a autoridade municipal competente decidir, previa resolución motivada, á venda dos animais en poxa pública, á entrega gratuíta a espazos de acollida con capacidade de recepción, ou envío a sacrificio en matadoiros autorizados con destino final á destrución deses animais (artigo 28.1 do Decreto 142/2012).

O que se fai público para xeral coñecemento. Os interesados poden contactar cos seguintes teléfonos:

Custodio dos animais: 674/610546.

Concelleiro medio ambiente: 630/031235.

Concello das Neves: 986/648038.

As Neves, 30 de setembro de 2015.

